

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXP. Nº: 2023/G007/000007**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta en funcións do Excmo. Concello de Lugo.**

En cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e no artigo 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro), veño en fixar as **DOCE HORAS do día 17 de xuño de 2023**, para a celebración da **Sesión Constitutiva da Excma. Corporación Municipal** resultante das Eleccións Locais celebradas o día 28 de maio de 2023. De constituírse a Corporación, na mesma sesión procederase á elección de Alcalde/Alcaldesa nos termos sinalados no artigo 196 da devandita lei orgánica.

De non concorrer a maioría absoluta dos Concelleiros/as electos/as, celebrarase sesión dous días despois, e quedará constituída a Corporación calquera que fose o número de concelleiros/as presentes, segundo establece o punto 4 do artigo 195 da referida Lei 5/1985, do 19 de xuño.

Cúmprase.

*Asinado dixitalmente pola Alcaldesa Presidenta en funcións, dona Lara Méndez López*